

Informe da Directora

Xunta de Escola, 26 de febreiro de 2025

1 Actividades de representación

A directora informa da asistencia ás seguintes actividades de representación:

- 30 de novembro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santa Bárbara organizados polo Colexio de Enxeñeiros de Minas do Noroeste.
- 5 de decembro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santa Bárbara organizados pola Cámara Oficial de Minería de Galicia.
- 21 de xaneiro. Asistencia da directora, en representación da Escola, á presentación aos medios das JAI 2025.
- 28 de xaneiro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santo Tomás. No acto recibiron os seguintes premios persoas egresadas do centro:
 - Premio Extraordinario Grao en Enxeñaría da Enerxía, curso 2023/2024: Silvia Graña Roel (plan en extinción) e Xandre Costas Pérez (plan novo)
 - Premio Extraordinario Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, curso 2023/2024: Cinthia Carou González (plan en extinción) e Abraham Novas Verde (plan novo)
 - Premio extraordinario de Doutoramento
 - Manuel Alejandro Gonzalez Fernández, pola súa tese “*Stress-strain behaviour in intact and jointed granite lab samples, deformational and strength parameters, scale effects and tentative models*”, dirixida polo profesor Leandro Alejano.
- 10 e 14 de febreiro. Asistencia de María Araújo, en representación do centro, aos actos de inauguración e clausura das JAI2025.
- 20 de febreiro. Asistencia de María Araújo, en representación do centro, ao acto de presentación aos medios de comunicación do FTE 2025.

2 Reunións de traballo

- 27 de xaneiro. Asistencia de Francisco Deive e a directora á reunión convocada pola Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade para os centros do ámbito tecnolóxico do Campus.
- 4 de febreiro. Asistencia de María Araújo e Elena Alonso, en calidade de coordinadoras de titulacións de Máster Universitario da Escola á sesión de presentación da nova plataforma de xestión *e-POD*.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades

3 Celebración de Santa Bárbara

O 3 de decembro tivo lugar na Escola o acto de celebración da patroa do centro, Santa Bárbara, e realizáronse as seguintes actividades:

3.1 Entrega de Premios do Concurso CONTOS-EME 2024

Trátase da terceira edición deste concurso. Agradécese a colaboración do xurado, formado por:

- Diego Costas, en representación do estudantado da escola
- Carmen Romo Pérez, en representación do PTXAS da escola
- Elena Alonso, en representación do profesorado da escola
- A experta en igualdade e profesora da área de Didáctica das Ciencias Experimentais, Azucena Arias Correa, representante en materia de igualdade
- O escritor José Montero Reguera, en calidade de profesional.

Trátase dun concurso de relatos curtos, nos que se ten que empezar cunha frase indicada nas bases da convocatoria. Foi presentado o concurso e os resultados pola responsable de Igualdade na Escola, Generosa Fernández Manín. As persoas premiadas foron:

Categoría de alumnado de Bacharelato ou Ciclo superior FP

- 1º premio: Emma Regueira Loveira (IES Johan Carballeira, Bueu) polo relato titulado “Ela”
- Accésit: Emma Duro San Martín (IES Antón Losada Diéguez, A Estrada), por un relato no que non consta título.

Categoría de alumnado de Grao ou Mestrado da Universidade de Vigo

- 1º premio: Brian Torres Rodríguez (Grao en Enxeñaría da Enerxía), por un relato no que non consta título.
- Accésit: Lucía Castrillo Sánchez (Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación), por un relato no que non consta título.

Agradécese as persoas participantes no concurso, o traballo realizado polo xurado e o traballo de coordinación e organización realizado por Generosa Fernández, Enlace de Igualdade da EME.

3.2 Entrega de Premios do Concurso ENFOCA.RME 2024

As persoas premiadas foron:

- 1º Premio: José Manuel Máiquez. Título : “A cielo abierto”
- 2º Premio. Gaspar Somoza. Título “Eólicos”
- Accésit: Javier Arcenillas. Título “Costa da morte”

Agradécese o labor do xurado, das persoas participantes, e a Raquel Pérez a coordinación e organización do concurso.

3.3 Inauguración do Mural Entaraña

Nos actos de celebración de Santa Bárbara presentouse o mural **Entaraña**. O mural de arte contemporánea que inauguramos na escola quere poñer de manifesto unha das moitas facetas profesionais descoñecidas das persoas graduadas en enxeñaría de minas: a conservación do muralismo contemporáneo. Trátase dun fragmento do mural vigués Entaraña, realizado en 2008

por Liqen e Delio Rodríguez. Este mural, que foi unha das primeiras manifestacións artísticas do *posgraffiti galego*, foi derruído en 2024 pero, previamente a desaparecer, foi estudado por un grupo de investigación da Escola para coñecer como se deterioran os materiais empregados nestas obras de arte e desenvolver produtos e estratexias para minorar o efecto derivado do paso do tempo e a interacción das obra cos axentes de deterioro. O fragmento testemuña o carácter efémero destas obras de arte e a importancia de estudalas para mellorar a súa conservación. A Escola recolleu un fragmento do mural e colocouse no vestíbulo da Escola, xunto con información do mural e do proceso de recuperación. A presentación do mural correu a cargo de Teresa Rivas Brea.

3.4 Presentación da web “Menas metálicas ao microscopio”

Teresa Rivas, coordinadora do Grupo de Innovación Docente XEODA presentou a web “Menas Metálicas ao microscopio”, (<https://coleccion.menas.webs.uvigo.es/>). Esta web, elaborada polo grupo de innovación docente XEODA da Universidade de Vigo, inclúe a descrición de 200 especies minerais comúns de menas e gangas estudadas ao microscopio óptico de luz reflectida por Ricardo Castroviejo. Son menas e gangas seleccionadas de entre todas as existentes, tendo en conta a súa abundancia na cortiza terrestre e a súa importancia como recurso económico. Os contidos desta web son de utilidade para as persoas que traballan na explotación de recursos minerais, pero tamén poden interesar a persoas inquietas amantes da mineraloxía. De cada especie mineral achégase unha información básica, a súa paraxénese, os valores de varias propiedades ópticas avaliadas con microscopio óptico de reflexión e varias fotomicrografías que describen as características particulares de cada especie mineral.

3.5 Entrega dos Premios COIMNE

Durante os actos de celebración de Santa Bárbara entregáronse os Premios COIMNE aos mellores expedientes de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. Entregou os Premios o Decano-Presidente do COIMNE, Juan José Fernández Díaz. Cada premio supón unha dotación de 500 €. As persoas premiadas foron Diego Costas Moyano: mellor expediente de acceso ao máster desde o Grao en Enxeñaría da Enerxía e Abraham Novas Verde: mellor expediente de acceso ao máster desde o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

O COIMNE tamén fixo entrega dos premios aos mellores expedientes de acceso ao Grao en Enxeñaría da Enerxía. As persoas premiadas foron Sara García Pérez e Carla González Vogels. A dotación de cada premio é de 300 euros.

3.6 Entrega dos Premios COITMGA

Entrega dos Premios COITMGA (Colexio de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia) aos mellores expedientes de acceso ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Entregou os Premios a Vicepresidenta do COITMA, Miriam Couso Pérez. As persoas premiadas foron: Raúl Rodríguez Blanco e Carmen Barahona Malvar. A dotación de cada premio é de 300 euros.

Agradécese ao COIMNE e ao COITMGA a dotación dos premios a súa colaboración coa Escola.

4 Igualdade

4.1 Día da Muller e da Nena na Ciencia

O día 11 de febreiro, a Escola participou nas actividades organizadas pola Unidade de Cultura Científica e a Unidade de Igualdade para conmemorar o “Día internacional da Muller e da Nena na Ciencia”. Recibimos a 28 nenas do IES Ricardo Mella e realizáronse as seguintes actividades:

- Sesión benvida: “As mulleres e as STEM” (Generosa Fernández)
- “The Wall” (María Araújo, María Pazo e Cinthia Carou)
- “The She-ience Games: Catching Fire” (Raquel Pérez-Orozco, Amanda Franco e Marta González)
- “Obradoiro de pinturas e minerais” (Teresa Rivas)
- “Quebracabezas Mineral-Metal-Aplicación” (Iria Feijó e Silvia Gómez).

O evento foi organizado por Generosa Fernández, Enlace de Igualdade da EME.

4.2 Xornada co Concello de Redondela

Esta actividade foi solicitada polo Concello de Redondela e consistiu na organización e impartición de obradoiros dirixidos a nenos e nenas dos centros de primaria do concello. A actividade foi organizada e coordinada por Raquel Pérez. Agradécese ao Concello de Redondela o seu interese e por contar coa EME.

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade	Lugar/Responsable
17/02/2025	CEIP Cedeira	3º e 4º Primaria	28	Raquel Pérez	Xornadas de Muller e Enxeñaría: Materiais: ciencia ficción ou realidade	No centro (Concello de Redondela)
18/02/2028	CEIP Reboreda	6º Primaria	20	Raquel Pérez	Xornadas de Muller e Enxeñaría: Ensinándolle a un ordenador a recoñecer minerais	No centro (Concello de Redondela)
19/02/2025	CEIP Laredo	6º Primaria	20	Raquel Pérez	Xornadas de Muller e Enxeñaría: Ensinándolle a un ordenador a recoñecer minerais	No centro (Concello de Redondela)
24/02/2025	CEIP Plurilingüe Igrexa	5º e 6º Primaria	23	Raquel Pérez	Xornadas de Muller e Enxeñaría: Materiais: ciencia ficción ou realidade	No centro (Concello de Redondela)

Agradécese ás persoas participantes no desenvolvemento das actividades en materia de Igualdade e a Generosa Fernández a coordinación das mesmas.

5 Innovación docente

Está a desenvolverse o proxecto de innovación docente “Virtualización dun taller de identificación de minerais no metaverso”, financiado pola Universidade de Vigo na convocatoria de proxectos piloto de innovación docente en facultades e centros do curso 2024. Participan 10 profesores/as da

Escola, coordinados por Teresa Rivas, que á súa vez conforman o grupo de innovación docente XEODA. Está previsto alcanzar o resultado final en setembro-outubro deste ano 2025.

6 Relacións Internacionais

Infórmase das actividades realizadas por Francisco Deive en calidade de Coordinador de RRII da Escola:

24 de Xaneiro e 12 de Febreiro. Reunións de benvida a estudiantado internacional da Escola: Linda Herrmann e Emma Kolshorn procedentes da Universidade de Flensburg (Alemaña) e Joao Oliveira e Lara Andrade da Universidade de Minas Gerais (Brasil).

17 de Febreiro e 21 de Febreiro. Resolución provisional e resolución definitiva, respectivamente, da concesión de destinos a alumnado da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía que solicitou unha plaza Erasmus para o curso 2025-2026.

9 xaneiro. Resolución da comisión de selección prevista na Resolución Reitoral pola que se convocan axudas para participar no programa Erasmus+ KA171 para PDI no primeiro semestre de 2025 na que se propón a remedios Yáñez como candidata (Universidad Católica del Norte).

Profesorado da Escola participa na solicitude do proxecto: “*Sustainable Mining and Advanced Production: Building Circular Economies in Chile and Kazakhstan*”, na convocatoria: ERASMUS-EDU-2025-CBHE (Capacity building in the field of higher education). O profesorado participante na iniciativa é José Santiago Pozo Antonio, Jesús Balado Frias, Pedro Arias Sanchez, Mercedes Solla, Mario Soilán Rodríguez, Joaquín Martínez-Sánchez. A persoa coordinadora do proxecto é Iago Pozo.

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado en calidade de responsable de RRII do centro.

7 Divulgación Científica e Captación de Alumnado

7.1 Sesións informativas (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
09/12/2024	IES A Guía (Vigo)	2º Bach	13	Raquel Pérez
09/12/2024	IES Indalecio Perez Tizón	1º e 2º Bach	7	Raquel Pérez
16/12/2024	IES Félix Muriel	1º e 2º Bach	14	Raquel Pérez
18/12/2024	IES Pedras Rubias	1º Bach	15	Raquel Pérez
17/01/2025	IES Politécnico de Vigo	1º Bach	24	Raquel Pérez
24/01/2025	Colexio Los Sauces	2º Bach	17	Raquel Pérez
24/01/2025	Colexio Amor de Deus	2º Bach	10	Raquel Pérez
29/01/2025	IES Santo Tomé de Freixeiro	1º Bach	33	Raquel Pérez

7.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
28/11/2024	IES Cotobade (Cotobade)	4º ESO	30	Carlos Pérez Collazo	Cambio Climático
29/11/2024	IES A Pinguela (Monforte de Lemos)	4º ESO e 1º Bach	47	Raquel Pérez	Intelixencia Artificial
12/12/2024	IES Primeiro de Marzo (Baiona)	2º Bach	32	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Espectroscopía e Difracción
19/12/2024	IES As Lagoas (Ourense)	1º Bach	90	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Espectroscopía e Difracción
08/01/2025	IES Canido (Ferrol)	1º e 2º Bach	31	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
08/01/2025	CPR Tirso de Molina (A Coruña)	1º e 2º Bach	21	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
09/01/2025	IES Ramón Cabanillas (Cambados)	ESO	26	Iago Pozo	Explotación de recursos minerais en Galiza/España
09/01/2025	IES Saturnino Montojo (Ferrol)	1º e 2º Bach e ESO	90	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
09/01/2025	IES As Mariñas (Betanzos)	1º e 2º Bach	50	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
09/01/2025	IES Plurilingüe de Ames (Ames/Bertamirás)	1º e 2º BACH	79	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
10/01/2025	IES Laxeiro (Lalín)	4º ESO	84	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
13/01/2025	IES A Sangriña (A Guardia)	1º e 2º Bach	82	Moisés Cordeiro	Intelixencia Artificial
13/01/2025	IES Isaac Díaz Pardo (Sada)	1º e 2º Bach	60	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
14/01/2025	IES Mugar dos (Mugar dos)	1º e 2º Bach	28	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
14/01/2025	IES Concepción Arenal (Ferrol)	1º e 2º Bach	50	Francisco Deive	Oferta académica (Graos)
16/01/2025	IES García Barros (A Estrada)	1º e 2º Bach	59	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
16/01/2025	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)	1º e 2º Bach	32	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
17/01/2025	Colexio Santiago Apóstol (Ponteareas)	4º ESO	34	María Araújo	Minaría Espacial
21/01/2025	IES da Cañiza (A Cañiza)	1º e 2º Bach	27	Moisés Cordeiro	Intelixencia Artificial
23/01/2025	IES Antón Alonso Ríos (Tomiño)	3º-4º ESO	35	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
31/01/2025	IES Val do Asma (Monforte de Lemos)	3º-4º ESO	27	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor
13/02/2025	IES do Castro (Vigo)	1º e 2º Bach	40	Raquel Pérez	Muller e Enxeñaría
14/02/2025	Pablo VI (A Rúa)	1º e 2º Bach	43	Benito Vázquez	Física Re-Creativa: Luz e Cor

20/02/2025	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)	3º ESO	45	Raquel Pérez	Muller e Enxeñaría
------------	--------------------------------------	--------	----	--------------	--------------------

7.3 Participación en Feiras

Data	Nome	Lugar de Celebración	Público/Centros	Actividade	PDI participante
05/02/25	Xornada de Orientación Universitaria (XOU)	Pabellón Universitario Campus de Vigo	IES SANTA IRENE (Vigo); IES FRANCISCO ASOREY (Cambados); COLEXIO POSSUMUS (Vigo); IES VALADARES (Vigo); IES de Vilalonga (Sanxenxo); IES REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI (Vigo); IES PEDRO FLORIANI (Redondela); IES PINO MANSO (O Porriño), IES RIBEIRA DO LOURO (O Porriño); COLEGIO LABOR (Vigo); IES CASTRO ALOBRE (Vilagarcía de Arousa); CPR PLURILINGÜE MARÍA INMACULADA (Vigo); CPR PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO (Vigo); IES POLITÉCNICO de Vigo; ESCOLA EÇA DE QUEIRÓS (Póvoa de Varzim, Portugal)	Stand da EEME. Información sobre a oferta formativa e as saídas profesionais das titulacións do centro	Raquel Pérez
21/02/25	(In)Fórmate: Xornada Técnica sobre formación e futuro laboral	Auditorio Vilagarcía de Arousa	IES Armando Cotarelo Valledor; CIFP Montecarmoa; IES de Carril; CPR Sagrada Familia; CPR San Francisco	Stand da EEME. Información sobre a oferta formativa e as saídas profesionais das titulacións do centro	Diego Costas e Raquel Pérez

7.4 Xornadas de Portas Abertas

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
18/12/2024	IES Beade	2º Bach	6	Ignacio Pérez e Xián Estévez	Petroloxía e visita ao Laboratorio de Mecánica de Rochas

7.5 Aula Aberta TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
05/12/2024	Colexio Vigo (Redondela)	2º Bach	15	Benito Vázquez, Juan José García e Amanda Franco	Física Re-Creativa Combustión
10/01/2025	IES Beade (Beade)	1º Bach	20	Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos Juan José García e Amanda Franco	Enx. Materiais Combustión
14/01/2025	IES Pino Manso (O Porriño)	1º e 2º Bach	55	Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos Benito Vázquez	Enx. Materiais Física Re-Creativa
15/01/2025	IES Terra de Soneira (Vimianzo)	1º Bach	21	Benito Vázquez Salomé Álvarez Juan José García e Amanda Franco	Física Re-Creativa Enx. Química Combustión
17/01/2025	Colexio Miralba Jesuitinas (Vigo)	1º e 2º Bach	23	Salomé Álvarez Francisco García	Enx. Química Termografía infravermella

17/01/2025	IES de Valadares (Vigo)	1º e 2º Bach	32	Juan José García e Amanda Franco Javier López	Combustión Intelixencia Artificial
30/01/2025	Colexio Marcote (Mondariz)	1º e 2º Bach	35	Francisco García	Termografía Infravermella
03/02/2025	IES Coruxo (Vigo)	3º ESO	60	Francisco García Juan José García e Amanda Franco	Termografía Infravermella Combustión
05/02/2025	IES Carlos Casares (Vigo)	1º Bach	30	Benito Vázquez Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos	Física Re-Creativa Enx. Materiais
26/02/2025	Estudantado saharai			Raquel Pérez e Héctor Santorum	Combustión

7.6 Obradoiro de recoñecemento de minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
29/11/2024	IES Xograr Afonso Gómez (Sarria)	1º ESO	60	Raquel Pérez	No centro
13/12/2024	Colexio Santa Cristina (Vigo)	1º ESO	25	Teresa Rivas e Laura Andrés	No centro
18/12/2024	IES Beade	2º Bach	6	María Pazo	Na EEME
19/12/2024	IES A Guía (Vigo)	4º Eso e 1º Bach	12	Teresa Rivas e María Pazo	No centro
08/01/2025	Colexio María Auxiliadora - Salesianos (Vigo)	1º ESO	56	Laura Andrés e Iago Pozo	Na EEME
30/01/2025	Colexio Marcote (Mondariz)	1º e 2º Bach	35	Raquel Pérez e María Pazo	Na EEME
31/01/2025	Colexio Santiago Apóstol (Ponteareas)	4º ESO	34	Teresa Rivas e Laura Andrés	No centro

7.7 Conferencias na EME

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
08/01/2025	Colexio María Auxiliadora - Salesianos (Vigo)	1º ESO	56	Elena Alonso	Recursos minerais en Galicia

7.8 Olimpíada de Xeoloxía

O 12 de febreiro, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía volveu ser sede provincial da fase galega da Olimpíada de Xeoloxía na súa XVI edición. A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa organizada pola “Sociedad Geológica Española” e a AEPECT (“*Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*”). En particular a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía recibiu 115 estudantes de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato, procedentes de quince centros da provincia de Pontevedra. Ao longo do día o alumnado enfrontouse a unha proba práctica e un exame teórico. Pola tarde o centro organizou actividades formativas, que foron as seguintes:

- PALEO 3 D (Bienvenido Díez, Manuel García Ávila e Samuel Fernández Rial)

- Intelixencia Artificial para o recoñecemento de minerais (Moisés Cordeiro e Raquel Pérez)
- Enxeñaría de materiais (Iria Feijoó e Silvia Gómez).

Participaron como persoal de apoio: Juan José García, Amanda Franco, Cinthia Carou, Diego Costas e Carmen Romo.

A xornada finalizou coa entrega de premios aos tres primeiros clasificados, tres estudantes do instituto vigués IES República Oriental do Uruguai: Óscar Naveira Román, primeiro clasificado; Ainara Fernández Lois, segunda, e Hugo Regueiro Pérez, terceiro. Os tres pasan agora á final da fase española que levará a cabo o 5 de abril en Tremp (Lleida).

No acto de clausura, conducido pola profesora Raquel Orozco, tamén se fixo entrega do premio ao mellor grupo, de novo para os estudantes do IES República Oriental do Uruguai –Óscar Naveira Román, Ainara Fernández Lois, Hugo Regueiro Pérez e Luis Fernando Pérez Pérez– e un accésit para Breixo Lorenzo Pena do IES Ribeira do Louro de Porriño.

Agradécese a Raquel Pérez e Carmen Romo o traballo realizado en relación á organización do evento.

7.9 Olimpíada da Enerxía

A Olimpíada da Enerxía xa ten a páxina web habilitada <https://olimpiadaenerxia.uvigo.gal/> e están a desenvolverse con normalidade as actividades planificadas no proxecto.

En decembro enviáronse aos centros participantes (17 centros educativos de toda Galicia), os recursos didácticos para a preparación da proba e ao longo do mes de xaneiro impartíronse as sesións formativas presenciais, visitándose todos centros participantes. Infórmase da Xornada da Olimpíada, que se celebrará na Escola o 9 de abril.

7.10 Outras actividades

Data	Centro	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade	Lugar/Responsable
21/01/2025	IES da Cañiza (A Cañiza)	1º e 2º Bach	27	Moisés Cordeiro e Raquel Pérez	<i>Escape Room</i> sobre Sostibilidade e Recursos Minerais	No centro
14/02/2025	Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas (Vigo)	Interxeracional	10	Moisés Cordeiro e Raquel Pérez	<i>Escape Room: Rescatando a Matilda</i> (11F)	Na biblioteca

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación.

8 Sistema Garantía Calidade

8.1 Singularidade Grao ERME

En base ao establecido na “RESOLUCIÓN de 10 de marzo de 2022, de la Secretaría General de Universidades, por la que se fijan los criterios para la determinación del carácter singular de titulaciones oficiales de grado y máster en el Sistema Universitario de Galicia” solicitouse no mes de marzo a solicitude de declaración de singularidade para o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, argumentando e xustificando que se cumpren os seguintes requisitos:

- a) Ter unha estrica vinculación coa especialización dun campus acreditado no que se imparte e constituír unha parte esencial das liñas estratéxicas en docencia e investigación desa especialización.
- b) Estar directamente vinculado aos sectores considerados esenciais pola Xunta de Galicia no seu plan estratéxico ou no RIS3.

8.2 Comisión de Calidade da Escola

Na sesión do 19 de outubro da Comisión de Calidade aprobáronse os seguintes rexistros do SGIC que non requiren a súa aprobación na xunta de centro:

- R3 DO-0201 Informes de Coordinación das titulacións de máster universitario
- R3 MC-02 Informe QSP periódico.

8.3 - Enquisas Satisfacción

O 18 outubro publicáronse os resultados das enquisas de satisfacción coas titulacións (alumnado, PDI, PAS e persoas tituladas).

8.4 Enquisas Avaliación Docente

Publicáronse os resultados provisionais das EAD curso 2023/24 e habilitouse o prazo de reclamacións ata o 11 de novembro. Proponse como acción para aumentar a participación: reunión das persoas coordinadoras de curso ou de titulación co alumnado dedicando parte do tempo a que o estudantado cubra as enquisas das materias que as teñan visibles.

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade e ás persoas que participaron en diferentes actividades do SGIC.

9 Recursos materiais e infraestruturas

- 18 de decembro: Instalación dunha nova pantalla no hall da Escola.
- 12 de xaneiro: Solicitud de Infraestruturas na Convocatoria anual da Vicerreitoría de Planificación e Infraestruturas para mellorar acceso á Escola na planta 0 e actuacións sobre diversas entradas de auga no centro.

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado como responsable de AAEE e infraestruturas da Escola.

10 Plan Acción Titorial

10.1 Orientación académica e profesional

- 29 de novembro. Conferencia cargo do Decano-Presidente do COIMNE sobre as saídas profesionais e profesión regulada dos/as enxeñeiros/as de minas.

11 Desenvolvemento titulacións

11.1 Proxecto colaborativo

O 17 de xaneiro tivo lugar a presentación de proxectos da materia “Proxecto colaborativo”.

En total participaron nesta segunda edición os seus traballo dous grupos.

- “*Optimización del sistema de recarga onboard de una bicicleta eléctrica mediante la incorporación de sistemas de navegación GPS e inercial*”, realizado por Miguel Fojo y Rubén Pereira baixo a dirección de Mario Soilán, do Departamento de Enerxía do Recursos Naturais e Medioambientais, e Andrés Nogueiras, do Departamento de Tecnoloxía Electrónica.
- “*Determinación de la ley de propagación de vibraciones del terreno*”, de Alejandro Loroño y Diego García baixo a supervisión dos profesores Ángeles Saavedra, da área de Estatística e Investigación Operativa, e Fernando García, da área Explotación de Minas.

Os proxectos finalizan o seu percorrido coa súa defensa ante tribunais de expertos e, posteriormente, presentando os resultados máis destacados diante de membros da comunidade universitaria, así como, nesta segunda edición, do alumnado e profesorado de bacharelato do CPR Miralba de Vigo e do IES Valadares.

12 Prensa e noticias. Comunidade da Escola

- Foro Tecnolóxico Emprego 2025.
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/foro-tecnologico-emprego-celebrara-seu-25-aniversario-cunha-edicion-record>
- Olimpíada da Enerxía. <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/mais-dun-cento-estudiantes-ensino-medio-participan-campus-olimpiada-xeoloxia>
- Eles fan CienTec. <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/11-f-mais-que-nunca-elas-fan-cientec-uvigo>
- A proposta presentada por Ignacio Pérez Rey e Aránzazu Pintos Alonso “*Análise do comportamento mecánico de rochas en tracción confinada, Traconroc*” e a presentada por Mario Soilán Rodríguez e María Pazo Rodríguez “*Xeración automatizada mediante modelos de linguaxe de redes BAYESianas para a xestión de recursos hídricos, Gal-Bayes*” foron seleccionadas no CINTECX Challenge 2025.
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/catalizadores-ecoloxicos-mecanica-rochas-recursos-hidricos-asi-son-propostas-ganadoras-cintecx>
- Iago Pozo Antonio, investigador do grupo Gessmin, presentou os resultados da proposta gañadora do Challenge’24, *Estratexias sostibles para a conservación da arte urbano*, Smart, coordinado conxuntamente coa investigadora Raquel Pérez Orozco, do grupo GTE.
- FTE 2025. <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/aprendizaxe-colaborativa-os-seus-froitos-escola-enxenaria-minas-enerxia>
- Primeira Olimpíada da Enerxía que se organiza en España.
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/vigo-sera-escenario-abril-primeira-olimpiada-enerxia-que-organiza-espana>

- Minas e Enerxía celebra Santa Bárbara coa entrega de múltiples premios e a estrea de novas iniciativas. <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/minas-enerxia-celebra-santa-barbara-coa-entrega-multiples-premios-estrea-novas-iniciativas>

13 Delegación de Alumnado

Infórmase das actividades organizadas por Delegación de Alumnado para a celebración de Santa Bárbara:

- 28 de novembro. Organización da celebración de estudantado, profesorado e PAS da escola
- 29 de novembro. Carreira de Santa Bárbara e recollida de alimentos
- Campaña de suadoiros
- Colaboración con FTE e Delegación de Industriais
- Colaboración en RRSS divulgando actividades da Escola.

A directora agradece o traballo realizado desde Delegación de Alumnado na organización destas actividades e a súa implicación e xenerosidade en todas as actividades que se propoñen desde a dirección da escola.

14 Próximas actividades

- Foro Tecnolóxico de Emprego. 11 e 12 marzo
- Olimpíada da Enerxía. 9 abril
- Xeolodía. 11 de maio (A Ramallosa). Organización B. Díez
- Acreditación institucional: 31 de marzo e visita en maio
- Viaxe estudos (graos e máster) do 9 ao 14 de xuño.